

Xornada

'Fomento do Emprendemento en Cooperativa'

Actividade no marco do:

Convenio de Colaboración 2022 entre a Deputación Provincial de A Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop

Data e horario

- Mércores 27 de xullo de 2022
- De 10.30 a 13.30 h.

Lugar

- Online
- A través da plataforma Zoom

Organiza e coordina

Unión de Cooperativas EspazoCoop
981 57 55 78 - www.espazo.coop

[Presentación]

A Xornada **Fomento do Emprendemento en Cooperativa** é unha actividade do programa de colaboración que EspazoCoop realiza coa Deputación Provincial da Coruña durante 2022. En concreto, fai parte dun conxunto de accións do *"Itinerario de Emprendemento en Cooperativa"* destinado a visibilizar as potencialidades que brinda o modelo cooperativo para:

- > A xeración de emprego de calidade.
- > A mellora de determinados sectores socioeconómicos.
- > O equilibrio territorial.
- > A xeración e consolidación de redes comunitarias, dinamizando determinados sectores de actividade, particularmente no ámbito dos coidados.
- > Favorecer o emprendemento colectivo, en sectores con potencial para contribuír ao desenvolvemento socioeconómico e comunitario.

O *"Itinerario de Emprendemento Cooperativo"* incorpora alén desta Xornada, unha acción de Teleformación e un Servizo de Acompañamento e titorización a grupos promotores que queiran emprender en cooperativa.

Finalidade e obxetivos

Divulgar as potencialidades do cooperativismo para a posta en marcha de actividades empresariais e creación de emprego.

Detectar necesidades que favorezan o emprendemento en cooperativa.

Dar a coñecer boas prácticas de cooperativas, especificamente no sector de coidados.

Programa da Xornada ' Fomento do Emprendemento en Cooperativa'

Presentación de EspazoCoop e do Convenio de Colaboración coa Deputación Provincial de A Coruña 2022.

Relatorio Potencialidades do cooperativismo para a posta en marcha de actividades empresariais e creación de emprego, en particular no sector dos coidados.

Mesa de cooperativas no sector de coidados.

O Programa e os contidos serán presentados e dinamizados polo persoal técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

De forma preferente, que estean localizadas no ámbito da provincia de A Coruña.

Destinatarias

De forma preferente a Xornada está destinada a :

- Persoas interesadas na posta en marcha dunha actividade laboral.
- Grupos promotores de proxectos de natureza colectiva.
- Organizacións do tecido sociocomunitario.
- Persoal técnico de apoio á creación de emprego e o desenvolvemento local, coñecedor das necesidades e potencialidades do seu territorio.

Inscrición e información

Inscrición: a través do seguinte formulario en liña [preme aquí](#)

Información: Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop
986 866 149 – ramon@espazo.coop